



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Galicia **Skills** 2018

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Galicia **Skills** 2018

5º CAMPIONATO GALEGO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

DESCRIPCIÓN TÉCNICA


Soldadura

Convoca:




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Patrocina:



resomaq, S.L.
reparación, soldadura y maquinaria



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE



Índice

1. Introducción e obxectivos específicos da modalidade de competición de Soldadura
 - Introducción
 - Obxectivos da competición
 - Lugar e data da competición
 - Requisitos de participación
2. A competición: instrucións xerais para o seu desenvolvemento
3. Descrición da proba
4. Materiais e ferramentas que deben chegar as persoas participantes
5. Xurado
6. Premios



1. Introducción e obxectivos específicos da modalidade de competición de Soldadura

Introdución

A actividade deste/a profesional abrangue a interpretación de planos, normas, símbolos, etc., así como a realización de soldaduras en chapas, tubos, estruturas e recipientes a presión de diferentes materiais e por diversos procesos. Debe ter coñecemento das propiedades dos materiais e das normas ambientais relacionadas coa soldadura.

Os ciclos formativos asociados a esta modalidade de competición son:

- CM Soldadura e Caldeiraría.
- CS Construcións Metálicas.

Obxectivos da competición

Os obxectivos deste campionato son os seguintes:

- Darlles valor á calidade e ao atractivo das ensinanzas de formación profesional da familia profesional de Fabricación Mecánica que se imparten nos centros de Galicia.
- Motivar o alumnado para a mellora da calidade da formación profesional.
- Recoñecer e estimular o labor do profesorado.
- Potenciar as relacións dos centros onde se imparten os ciclos formativos desta familia coas empresas deste sector.
- Seleccionar a persoa que represente a Galicia no skill de Soldadura na Olimpíada de Formación Profesional SpainSkills 2019.

Lugar e data da competición

A competición, integrada no 5º Campionato Galego de Formación Profesional, terá lugar no recinto Feira Internacional de Galicia Abanca, en Silleda, os días 28, 29 e 30 de novembro (28 e 29 para a competición, e 30 á mañá para entrega de premios).

Requisitos de participación

- As persoas competidoras deberán ter unha idade máxima de 21 anos o 31 de decembro de 2018.
- Deberán estar matriculadas nun ciclo formativo no curso 2018-2019.

2. A competición: instrucións xerais para o seu desenvolvemento

A competición de soldadura é eminentemente práctica; nela mídense os coñecementos e as destrezas do alumnado de formación profesional participante, que demostrará a súa competencia profesional en representación do seu centro educativo.

Funcións dos/das titores/as

O/a profesor/a titor/a comprométese á preparación do alumnado para a competición Galiciaskills e, de ser o caso, para o campionato nacional Spainskills. No caso de resultar gañador na edición estatal supervisará a preparación do alumno para as competicións internacionais, para o que contará coa colaboración do/da xefe/a de expertos/as e as empresas patrocinadoras.



3. Descrición da proba

As probas consistirán en varias prácticas de soldadura con demostración de destrezas, habilidades e coñecementos técnicos relacionados coa profesión.

Para a execución das prácticas, aplicarase o seguinte procedemento de soldadura:

Soldadura por arco manual con eléctrodo revestido (SMAW, MMAW) 111.

As persoas concursantes deberán realizar as seguintes operacións para a realización das probas:

- Preparación dos materiais necesarios (chapas, tubos, perfís, etc..) para a realización das probas.
- Preparación da máquina (colocar pinza, masa, etc.) e elección dos parámetros correctos para a realización dos cordóns de soldadura.
- Realización dos cordóns, cumprindo a normativa e os termos establecidos na ficha técnica entregada para cada práctica.

Son de obrigado cumprimento todas as normas de seguridade e hixiene relativas ao skill. O calzado e o vestiario teñen que cumprir estas normas.

Normativa de soldadura empregada

Os termos e as definicións de referencia para os procedementos, as posicións e as verificacións das soldaduras serán os establecidos pola Organización Internacional de Normalización (ISO) e a Sociedade Americana de Soldadura (AWS).

4. Materiais e ferramentas que deben chegar as persoas participantes

O centro organizador proporcionará as máquinas, as ferramentas e os equipamentos necesarios para a realización das probas, así como todos os materiais que se vaian soldar (chapas, tubaxes ou seccións de metais laminados).

Ademais, proporcionaralle a cada concursante luvas, lentes de seguridade, mandil e máscara de soldador/a.

Cada aspirante deberá traer as súas botas de seguridade, así como a roupa de traballo (funda ou chaqueta e pantalón).

5. Xurado

Será o responsable da avaliación das persoas participantes e a súa decisión será inapelable. Estará constituído por Ubaldo Costas Piñeiro, experto da modalidade de competición Soldadura, que será o presidente do xurado, así como o profesorado da especialidade e representantes das empresas patrocinadoras, de ser o caso.

Os membros do xurado teñen que avaliar, segundo os criterios establecidos, todos os participantes excepto o/a competidor/a do seu centro.

Para levar a cabo a avaliación, o xurado ten que dispor dun formulario de avaliación con todos os



puntos que haxa que valorar, e tamén a puntuación máxima correspondente a cada un deles.

Cada membro do xurado ten que lle entregar ao/á presidente/a do xurado o formulario de avaliación, logo de realizada esta, así como a documentación que se considere. O/a presidente/a e un membro da organización sumarán as puntuacións de cada persoa competidora e elaborarán a acta de avaliación final, onde consten as persoas premiadas.

A clasificación tense que determinar en función da puntuación total obtida por cada participante.

6. Premios

- A persoa competidora con maior puntuación obterá a medalla de ouro na modalidade de competición de Soldadura e representará a Comunidade Autónoma de Galicia na Olimpíada SpainSkills 2019.
- Quen obteña a seguinte mellor puntuación obterá a medalla de prata nesa especialidade e será suplente para representar a Galicia na Olimpíada SpainSkills 2019.
- Os premios faranse públicos nun acto conxunto de entrega de premios e diplomas.
- Se o considera oportuno o xurado, algún premio pode quedar deserto.
- Todas as persoas competidoras recibirán un diploma que certifique a súa participación en GaliciaSkills 2018.